

A ESMORGA

Síntese do gran traballo sobre a Esmorga de Manuel Forcadela “Guía de lectura de A Esmorga de Eduardo Blanco Amor”, que se pode consultar [aquí](https://oximnasiodeacademo.files.wordpress.com/2012/05/guc3ada-de-lectura-de-a-esmorga-de-eduardo-blanco-amor.pdf):

<https://oximnasiodeacademo.files.wordpress.com/2012/05/guc3ada-de-lectura-de-a-esmorga-de-eduardo-blanco-amor.pdf>

1.- OS NARRADORES

1.1.-NARRADOR – AUTOR AO PRINCIPIO DA NOVELA

O autor presenta as fontes de onde tirou a historia facendo algúns que outros comentarios. Estas son :

a) *De carácter oral*:

- a xente (as boas xentes de Auria).
- un tío seu que fora ministro (alguacil) do xulgado.
- un xastre chamado Tijeradeoro.

b) *De carácter escrito*:

- os papeis procesais.
- os vellos boletíns locais que atopou no faiado do Casino de Caballeros.

Na “ Documentación “ aparece a historia como algo herdado e que forma parte dunha colectividade á que el mesmo pertence e que lle foi contada por diferentes persoas en épocas diferentes.

1.2.- NARRADOR-AUTOR AO FINAL.

Aparece para dicirnos como rematou a historia xa que a morte do personaxe-narrador imposibilita a este para narrar o seu propio óbito.

2.-OS/AS PERSONAXES.

Maniféstanse a través de 2 xeitos:

A) O nome, que oculta unha intencionalidade de cara a definir o carácter do/a personaxe.

Case todos/as son frecuentemente designados/as polos seus alcumes populares provocando así hilaridade, compaixón ou rexeitamento.

B) *Caracterización directa*

. (dísenos as súas calidades)

Caracterización indirecta

(deducimos o seu carácter a partir das súas accións, da súa maneira de ver a vida e relacionarse e do que pensan deles/as outros/as personaxes).

2.1.-PERSONAXES PRINCIPAIS

CIPRIANO CANEDO, O CIBRÁN: Narrador da historia, a voz da novela, en contraposición ao xuíz (mudo). Preséntanos a través da caracterización indirecta grazas a pequenos detalles da súa vida.

A) *DENOMINACIÓN*

TIÑICA

(sufrir a tiña)

PUCHAPODRE

(ocultar a cabeza baixo unha pucha)

CASTIZO

(o pai tiña un castizo ou porco semental)

B) *ANTECEDENTES FAMILIARES*

NAI

Vella/cansa

IRMÁN

Emigrado

IRMÁ

Enferma mental

PAI

Morto. Ausente pola emigración xa que traballou como varrendeiro en Cádiz.

C) DOENZA MENTAL QUE DENOMINA O “PENSAMENTO”.

Doenza psíquica grave con perda de control e ataques epilépticos. A súa única saída é a afección polo alcohol.

D) OCUPACIÓN E CAPACITACIÓN LABORAL

Obreiro urbano con moi escasa especialización. Visión do proletariado galego (foxe da novela rural e personaxes labregos/as) sometido a condicións laborais e existenciais paupérrimas.

E) A SÚA RELACIÓN CUNHA PROSTITUTA “ A RAXADA ” E DA QUE TEN UN FILLO CHAMADO LISARDIÑO

Soña comezar unha nova vida con eles. Ela padece unha enfermidade venérea (sífilis) que, segundo os médicos, acabará por deixala moi eivada.

ELADIO VILARCHAO, O ALADIO,

a) DENOMINACIÓN.

MILHOMES

Carácter
afeminado

PAPAGANDUXOS

pola súa profesión
de xastre;ganduxo é
unha costura mal feita

MARICALLAS OU SETESAIAS.

pola súa propensión á homosexualidade

B) A HOMOSEXUALIDADE.

Cibrán deixa entrever na súa declaración a súa afección polos homes. Esta actitude dará lugar á queima do pazo do Castelo.

C) AFECCIÓN Á BEBIDA E LATROCINIO.

Roubos de pouca importancia. Pícaro e falso.

JUAN FARIÑA, O XAN

A) DENOMINACIÓN.

BOCAS

ALIFANTE

PEITODEMACHO

Condições físicas,moi corpulento e vencedor nas loitas.

B) DESCRICIÓN FÍSICA E CONDICIÓN DE LÍDER

Cibrán descríbeo con trazos brutais. É o líder pola súa corpulencia e mal carácter.

C) A FIDELIDADE AO MILHOMES.

A novela comeza co encontro de Cibrán coa parella no medio dunha terrible liorta, bébedos e mollados pola chuva. A pesar das discusións, existe unha forte paixón amistosa. Esta fidelidade provocará unha liorta entre Cibrán e o Bocas que rematará co incendio do Pazo do Castelo.

D) CARÁCTER MANÍACO E DEPRESIVO.

Carácter obsesivo a través da historia da dona do señor de Andrada e depresivo con tendencia á depresión e o ensimesmamento. Isto non lle impide ser consciente das barbaridades que están a facer (non quere ser visto nas tabernas porque sabe que, tarde ou cedo, atoparán a Garda Civil).

E) *FUXIDO DA XUSTIZA*

Foxen da Garda Civil por deixar a un home medio morto nunha taberna.

F) *TRATO ARROGANTE(DESPREZO E DESDÉN) COAS PUTAS E NOIVO DE LOLA, A VIGUESA.*

2.2. OUTROS/AS PERSONAXES

O XUÍZ

Interlocutor mudo na longa declaración do Cibrán, definido por un trazo ou guión gráfico “-“ seguido do resto da liña en branco, o que evidencia a negativa do narrador a prestar a súa escrita para transcribir as palabras dun elemento xulgado como represor.

Coñecémolo, tamén, a través das referencias do Cibrán xa que as súas palabras son produto das preguntas do xuíz.

PERSONAXES SECUNDARIOS/AS

Aparecen todas os estamentos da sociedade ourensá: prostitutas e patronas, a fidalguía do señor de Andrada, o empregado do concello como Pepe o Cabito, o Serantes, axitador sindical, tratantes de gando, etc. Mundo de marxinaos nunha sociedade en crise.

3. O ESPAZO

Novela itinerante, urbana, na que os seus heroes son convictos da xustiza.

A viaxe é, entón, unha fuxida e o que queren os protagonistas é procurarse o máximo pracer durante o seu último día de liberdade.

A novela é unha homenaxe a Ourense; rúas, prazas, fontes e igrexas, pontes, frecuentadas polos esmorgantes.

Sinalar, finalmente, o contraste entre lugares fechados (tabernas, prostíbulos, casas nas que están sen permiso escapando da chuvia) e os abertos.

4. O TEMPO

O tempo da historia e o da escrita seguen diferentes direccións e isto conséguese a través de:

A) *Inversións.*

Acontecementos relatados antes que outros, sendo, sen embargo, anteriores a estes na disposición final dos feitos.

A transcripción da declaración do reo perante o xuíz evidencia que todo o que conta é anterior ao momento da declaración. Cibrán fai unha rememoración. Isto lévanos a 3 tipos de temporalidades.

- I. O tempo que dura a declaración de Cibrán, 2 días.
- II. O tempo que dura o percorrido dos 3 esmorgantes, 24 horas.
- III. A do autor que escribe a novela a finais dos anos 50, indicándonos que a historia acontecera había moitos anos.

B) *Historias encaixadas.*

Interrómpease a historia para contar outras. Hai varias suspensións do relato como:

♦ *A historia da fermosa dona do pazo.*

Obsesión para o Bocas que percorrerá toda a novela e que dará lugar á violación e ás coiteladas do final ante a desilusión sufrida.

Esta historia ponse en oposición á historia de Lola, a Viguesa.

A boneca do pazo	O Bocas	Lola a Viguessa
Amor idealizado	O home	Amor mundano

♦ *A historia que Pega.*

-

O alambiqueiro do pazo dos señores do Castelo lles conta aos esmorgantes mentres beben e secan as roupas.

Simular unha escena doméstica cos criados transformados en señores revela un desexo de mudanza social, vinganza e envexa.

5. A ATMOSFERA.

Novela onde os líquidos (chuvia, alcohol, lama, e suor) adquiren unha carga semántica definitiva.

Existe unha purificación exterior e interior na novela: a chuva que molla os seus corpos e roupas no espazo exterior múdase en alcohol a inxerir nos espazos interiores.

Lugares interiores	Lugares exteriores
Alcohol	Chuvia

Finalmente a chuva desaparece e a contemplación da fermosa dama faise baixo un ceo calmo, rostro cruel da realidade.

6. INTERPRETACIÓN DA ESMORGA.

a) *Orixe estranxeira dos cargos da Administración.*

Cibrán non ten interlocutor. As palabras do xuíz, represoras, castigadoras e castelanizadas non aparecen trascritas.

b) *Actitude violentamente represiva das forzas policiais.*

O acusado quéixase de torturas e malos tratos sen que o xuíz atenda as súas demandas. Morre a mans da Garda Civil cravándose el mesmo a navalla.

c) *A pequena burguesía autóctona virada de costas ao país (Pepe o Cabito).*

d) *A fidalguía caduca que só serve para manter as fantasías doutros tempos.*

O señor de Andrada, bébedo, decrépito e arruinado, símbolo de toda unha clase social en decadencia.

e) *Opresión lingüística.*

Blanco Amor ironiza sobre a diglosia poñendo a unha prostituta a falar en castelán. Os/as personaxes son conscientes de falar unha lingua distinta e, de vez en cando, tentan falar na lingua dos seus dominadores.

f) *A política, considerada inútil, allea aos/as protagonistas, afastada das reivindicacións populares.*

g) *Olladas compasivas de Cibrán sobre os/as traballadores/as pero sen ningunha conciencia de clase.*